

(INSTRUCCIÓN MEDIDAS DEPORTISTAS ALTO NIVEL)

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE SOBRE AS MEDIDAS A ADOPTAR NA DOCENCIA E AVALIACIÓN DOS/DAS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL E DE ALTO RENDIMENTO DEPORTIVO, ADESTRADORES/AS, TÉCNICOS/AS, XUÍCES/XUÍZAS E ÁRBITROS/AS DE ALTO NIVEL DEPORTIVO, MATRICULADOS/AS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

O artigo 23, do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento, e de rendemento deportivo de base de Galicia, establece unha serie de beneficios no eido do estudo universitario para o estudiantado matriculado nas universidades do Sistema Universitario de Galicia que ostenten algunha das citadas condicións.

A porcentaxe de reserva de prazas establecida na normativa nacional e a porcentaxe adicional nos estudos oficiais de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, así como a exención da realización das probas específicas de acceso no antedito Grao, forman parte dos precitados beneficios que xa ven aplicando a Universidade da Coruña.

O apartado 2 do sobredito artigo 23 dispón ademais que co fin de favorecer a compatibilización da súa actividade deportiva coa actividade académica, e logo da sinatura do convenio de colaboración coa universidade correspondente, os/as deportistas de alto nivel e de alto rendemento deportivo, e os/as adestradores/as e técnicos/as, xuíces/xuízas e árbitros/as galegos/as de alto nivel deportivo, poderán acollerse a unha serie de medidas durante o curso universitario nos termos previstos no convenio e no marco da normativa aplicable.

Mentres a Universidade da Coruña e a Fundación do Deporte Galego non asinen o mencionado convenio, precísase, en cumprimento do disposto no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, adoptar unha serie de medidas que, sen prexuízo do debido respecto ás condicións e requisitos que establezan as memorias verificadas dos títulos oficiais da UDC, poidan incorporarse ás guías académicas das diferentes disciplinas que integran os planes de estudos oficiais, e complementen o disposto nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de Grao e Máster Universitario da UDC:

- a) Elección do horario, quenda ou grupo máis adecuados para compatibilizar a asistencia ás aulas coa súa actividade deportiva.

- b) Xustificación de faltas de asistencia das sesións lectivas, de carácter obrigatorio, por participación en competicións oficiais e nas concentracións e adestramentos da selección española, mediante certificación da federación deportiva correspondente. A falta de asistencia así xustificada non terá repercusión académica.

c) Flexibilidade do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e con concentracións e adestramentos da selección española, xustificadas mediante certificación da federación deportiva correspondente.

d) Outorgamento por equivalencia a créditos optativos dun mínimo de 6 créditos por titulación, cando así o solicite a persoa que posúa o recoñecemento disposto neste decreto.

A Coruña,

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga